



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

ACTA Nº6/2025
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 4 DE SETEMBRO DE 2025 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do Alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA

ASISTEN: PP

MIGUEL FREIRE GÓMEZ

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ

AZUCENA CAO SIERRA

JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ

ENRIQUE OTERO REY

PSOE

ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS

MARTÍN REGO BAAMONDE

AUSENCIAS: PP

FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometidas a votación a aprobación da acta da sesión anterior, o Sr. Rego Baamonde manifesta “*Seguimos sen aprobar por non gravar os Plenos*”

O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros asistentes do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE, acorda aprobar a acta da sesión celebrada o día 31 de xullo de 2025.

2.- APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2025.

O Sr. Alcalde dá dos investimentos previstos para a súa inclusión no POS+ ADICIONAL 2/2025.

O Sr. Rego Baamonde, en relación co proxecto de instalación de cuberta sinala “*Floxo de prezo non me parece*” e en relación co proxecto de alumeado sinala “*Por un*



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H
Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)
Tel. 981414002 Fax. 98141451
correo@manon.es; www.manon.es

lado poñen renovación e por outro instalación, ou é renovación todo ou é instalación todo; as elaboracións teñen que ser máis dirixidas; os proxectos deben ser acordos con algo.”

Sr. González Trasancos: “Instalación é que non había e é facer unha nova instalación.”

Sometido o asunto a votación o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Acondicionamento e instalación de cuberta para aparcadoiro en parcela municipal de O Barqueiro	72.280,20 €				72.280,20 €
Renovación alumeadado en varios lugares San Fiz e outros	89.757,09 €				89.757,09 €
TOTAL	162.037,29 €				162.037,29 €

Aprobar os proxectos das obras que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no POS+2024 Base)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025					



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	162.037,29 €				162.037,29 €
TOTAL	162.037,29 €				162.037,29 €

SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ás 20:18 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, Dña. María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira